

O PP presenta unha emenda para que o Goberno central inclúa a Variante de Caldas nos orzamentos de 2021

- Fernando Pérez lamenta que desapareza a consignación que estaba prevista nos orzamentos de Rajoy de 2018, e denuncia a falta de xestión na execución deste proxecto.
- Defende unha moción no próximo pleno municipal para reclamar que se inclúa este e outros proxectos nos orzamentos do ano próximo.

24, novembro, 20.- O Partido Popular de Caldas defenderá no próximo pleno municipal unha moción para crear unha fronte común coa que reclamar ao Goberno central que non desapareza o proxecto da Variante de Caldas dos orzamentos xerais do Estado. O voceiro local, Fernando Pérez, critica que non só houbo unha falta de xestión para executar un proxecto fundamental para Caldas e que xa contaba con partida nos orzamentos de 2018, senón que ademais desapareceu das previsións do Goberno central para o ano 2021.

“O orzamento do Goberno central é totalmente decepcionante para a nosa comarca, o peor das últimas décadas, xa que Caldas non aparece nin sequer mencionado, non aparece nin un só euro para a Variante de Caldas, como tampouco para ningún deses proxectos dos que o alcalde se acorda quince días antes das eleccións para presentar bocetos ou proxectos virtuais”, critica.

Nesta liña, engade que o PP, a través dos deputados nacionais por Pontevedra, presentou unha emenda para reclamar que se inclúa a partida de 500.000 euros no novo documento para poder iniciar esta infraestrutura viaria importante para a comarca do Umia. “Unha partida orzamentaria razoable e plurianual que permita pensar que nuns anos será unha realidade”, engade.

Ademais, os populares tamén presentaron no Congreso unha emenda para crear unha ponte peonil alternativa sobre o río Umia, para favorecer itinerarios cos que impulsar, mellorar a mobilidade e a accesibilidade. Por iso reclaman que se cree unha partida de 500.000 euros para crear esta infraestrutura.

Estas dúas propostas se recollen na moción dos populares, xunto con outros proxectos “urxentes e fundamentais” para Caldas, como por exemplo a rehabilitación da Ponte da Ferreira, a construción de rotondas en Outeiro-Bemil na N-550 e na N-640 á altura do cruce da piscina municipal, a mellora da seguridade viaria no entorno dos colexios, a mellora das frecuencias de paradas do tren nas estacións próximas a Caldas, a creación dun tren de cercanías, completar o nú da AP-9 en Carracedo, a construción da variante de Cuntis ou ampliar as partidas da variante Valga-Pontecesures.